



Revista dixital de literatura infantil e xuvenil

Polomenosunlibro Verónica Martínez e Alberte Momán

Hoxe é domingo. día dos inocentes din. Nalgúns fogares vén hoxe o apalpador. Sabemos que algunhas librarías do país abren hoxe nun esforzo persoal por competir coas grandes superficies. Azos para todas elas. Hoxe recoméndannos libros Verónica Martínez Delgado e Alberte Momán.

Verónica Martínez Delgado. Poeta. Forma parte do colectivo Bilbao de Madrid e d'A porta verde do sétimo andar. Vén de gañar recentemente xunto con Alberte Momán o Premio de poesía erótica Illas Sisargas. Recomendanos o libro [Minimalario, de Pinto & Chinto \(Kalandraka\)](#).



“Todos os animais chegan ás nosas casas contándonos historias ben divertidas e moi poéticas. Deste libro só podemos namorar ou enternecer con el”.

Alberte Momán. Poeta e editor d'O figurante Edicións. Ten unha dilatada carreira no eido da produción, edición independente e na dinamización literaria. Vén de gañar con Verónica Martínez o premio de poesía erótica Illas Sisargas. Recomendanos o libro [*Tanto Como*, de Eugénio Roda e Gémeo Luís \(Kalandraka\)](#)



“Escollo este libro porque se aproxima ao proceso creativo, literario ou de calquera outro eido, por medio da percepción da realidade, a súa plasmación, grazas á redefinición dunha serie de conceptos principais polos que transita o relato”.

Deixa unha resposta